

IKARIE XB1

[Jindrich Polák, 1963]

271

ESTREA EN NUMAX: 11.08.2017 | V.O.S.E. | +7

Ikarie XB 1 (1963, 88')

Dirección: Jindrich Polák

Guión: Jindrich Polák, Pavel Juráček

Elenco: Zdenek Stepánek, Frantisek Smolík, Dana Medrická, Irena Kacírková, Radovan Lukavský, Otto Lackovic, Miroslav Macháček, Jirí Vrstála, Rudolf Deyl

Son: Bohumír Brunclík, Dániel Böhm, Jaromír Svoboda

Música: Zdenek Liska

Montaxe: Josef Dobrichovský

Fotografía: Jan Kalis, Sasa Rasilov

Dirección de arte: Bohumil Dudar

Vestuario: Dena Rova

Produtoras: Filmové Studio Barrandov (Checoslovaquia)

Distribuidora: Capricci Cine

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Checo

PREMIOS E FESTIVAIS

Trieste 1963 (gran premio asteroide de ouro), Cannes Classics 2016, Sitges 2016, Sevilla 2016, Festival de Cinema Fantástico da Coruña 2016, Festival Lumière de Lyon 2016

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Los visitantes, 1983 [TV]

El fantasma del avión, 1978

Tomorrow I'll Wake Up and Scald Myself with Tea, 1977

Riders in the Sky, 1968

SINOPSE

Na segunda metade do século XXII, a bordo da nave espacial Ikarie XB 1, unha tripulación dirixese cara á constelación Alfa Centauri para buscar nela unha nova forma de vida extraterrestre. Aínda que a viaxe non dura máis ca 28 meses, cando a misión chegue ao seu destino, na Terra xa terán pasado quince anos.

«Segue a ser unha das películas de ciencia-ficción máis orixinais e apaixonantes xamais realizada. Repleta de momentos sublimes, desmárcase de todas os filmes que a precederon»

Alex Cox, THE GUARDIAN



Un verosímil twist do futuro

O primeiro foguete en poñer un satélite en órbita arredor da Terra, o R-7 Semiorka, foi lanzado en outubro de 1957. Ese mesmo mes, o Sputnik 2 enviaba ao espazo á cadela Laika e, en abril de 1961, Yuri Gagarin era o primeiro home posto en órbita. No contexto da Guerra Fría, estes primeiros éxitos soviéticos na conquista do espazo foron vividos como un auténtico fracaso polos Estados Unidos. O Partido Comunista de Checoslovaquia desexaba celebrar o éxito e, posto que Lenin tiña afirmado que, de todas as artes, o cinema era a máis importante, decidiron poñer en marcha un filme grandioso, ambicioso e custoso na honra da supremacía científica soviética.

A elección fíxose rapidamente: trataríase da adaptación dun libro do novelista Stanislaw Lem, un dos poucos autores da ciencia ficción tolerados no Bloque do Leste: *La nube de magallanes*. Por aquel entón, Jindrich Polák era considerado polos xerarcas dos estudos de produción de Barrandov como un artesán fiable, antigo axudante de Otakar Vávra no meirande éxito cinematográfico checo de ciencia ficción, *Krakatit* (1948), xa tiña acumulado méritos de abondo como director de filmes de aventuras. A escrita do guión confíase ao mozo

prodixio Pavel Juráček, figura clave da Nova Vaga checoslovaca.

O orzamento previsto para o filme é duns 6 millóns de coroas, unha suma considerábel para a época tendo en conta que o orzamento dunha longa en Checoslovaquia era de 2 millóns e medio. Juráček e Polák van xuntos a Polonia para atopase con Lem, que lles pide non figurar nos créditos pois odia as adaptacións cinematográficas das súas obras (só fará unha excepción con *Layer Cake* [*Przekładaniec*, Andrzej Wajda, 1968] cuxo guión escribe el propio). Polák puido dar renda solta ao seu perfeccionismo encarnizado: todo o que sexa froito da imaxinación do seu equipo deberá ter unha base científica boa e unha función lóxica. O reparto reúne a varias das grandes estrelas da época: Zdenek Štěpánek e Frantisek Smolík fan parte dos pioneiros do cinema checo, Dana Medrická é unha estrela desde inicios dos corenta, Radovan Lukavský é un dos máis brillantes actores de teatro do momento...

Porén, o filme non atopou o seu público. Só aos poucos se ha converter nun auténtico filme de culto. Esta acollida máis ben morna pode interpretarse como un paradoxal logro artístico se lembramos que o filme debía servir como ferramenta de propaganda. De feito, a dimensión ideolóxica non está ausente e provén do libro de Lem: o futuro é evidentemente descrito como unha sociedade socialista ideal, sen capitalistas, sen propiedade privada, o xefe da tripulación é un ruso, os malvados son uns americanos ricos e corruptos... Que a crítica non pensara en sinalar ningún destes aspectos é

revelador. No estranxeiro, en cambio, o éxito é inmediato, obtendo o premio no Festival de Trieste (ex-aequo con *La jetée* de Chris Marker). Umberto Eco escribe: «en *Ikarie XB 1* somos testemuñas do máis verosímil twist do futuro, bailado polos cosmonautas no salón dun foguete espacial».

Desde 2001: *Una odisea en el espacio* (Stanley Kubrick, 1968) até *Alien, el octavo pasajero* (Ridley Scott, 1979), ou mesmo *Interstellar* (Christopher Nolan, 2014), a influencia de *Ikarie XB 1* no cinema de ciencia ficción foi considerábel. Cando Gene Roddenberry lle propuxo o seu concepto de *convoy espacial* aos dirixentes da Paramount para a serie *Star Trek* tiña en mente dous filmes: *Planeta prohibido* (Fred M. Wilcox, 1958) e *Ikarie XB 1*, pensando na segunda sobre todo pola idea dun equipo de persoas de idades, sexos e nacionalidades diversas que traballan xuntas en perfecta harmonía. Anthony Frewin, que foi durante moito tempo o axudante de Stanley Kubrick, confirmou que entre todos os filmes de ciencia ficción que o cineasta vía para preparar 2001 figuraba *Ikarie*. Encontramos nela os traxes espaciais, as luces interiores, os corredores hexagonais, as chamadas por vídeo aos familiares, a atención aos detalles non narrativos como o descanso durante a viaxe, e o tema principal da busca dunha intelixencia extraterrestres.

Publicado en <http://capriccicine.es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

- Solaris, Stanislaw Lem.** Impedimenta, 2011
- Astronautas, Stanislaw Lem.** Impedimenta, 2016
- Ciberiada, Stanislaw Lem.** Alianza, 2015
- El castillo alto, Stanislaw Lem.** Funambulista, 2006
- Fiasco, Stanislaw Lem.** Alianza, 2016
- Retorno de las estrellas, Stanislaw Lem.** Alianza, 2015
- Vacío perfecto, Stanislaw Lem.** Alianza, 2008
- 2001: una odisea del espacio, Stanley Kubrick.** Warner [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX